

A LOCALIDADE




Unha localidade é o lugar onde vives. Está formada pola zona na que está a túa casa e a dos teus veciños. Para poder vivir todos xuntos (sen problemas) hai que seguir unhas normas, que chamamos normas de convivencia.

As localidades poden ser: aldeas e cidades.



Dependendo do tamaño da localidade pódese agrupar con outras ou non e forma un Municipio (con un concello para organizar o seu funcionamento).



OS TRABALLOS

Son as actividades que as persoas realizan a cambio dun salario.



OS TRABALLOS PODÉMOLOS CLASIFICAR EN 3 GRUPOS

SECTOR PRIMARIO

Traballan coa natureza
(obteñen materias primas directamente da natureza)

Son:

- **Agricultura** (fertilizan, sementan, colleitan...)
- **Gandaría** (obteñen produtos dos animais)
- **Pesca** (capturan animais dos mares ou ríos)
- **Minaría** (sacan materiais do interior da terra)




SECTOR SECUNDARIO

Fabrican produtos
(transforman as materias primas en produtos elaborados).

Son:

- **Fábricas**
- **Artesanía**
- **Construción**



SECTOR TERCIARIO

Chamado **sector servizos**, porque non se crean produtos, senon que se atenden as necesidades das persoas.

Son:

- **Mestras/es**
- **Médicos/as**
- **Condutores/as**
- **Camareiros/as**
- **Varredores/as**
- ...

